

Enredando co galego

A MULA

Eran as seis da mañá, o orballo cubría as follas, a néboa cegaba o horizonte, as ventás dos edificios estaban opacadas pola condensación daquel frío que facía temblar ata un esquimal. Aínda cas condicións non sexan as máis cómodas, el non tiña opción, mellor dito, non lle deixaron máis opción.

Esa figura co mesmo aspecto cun morto viviente, deixou a mercancía no capó do seu coche. Ademais, no limpaparabrisas, deixou un post-it que indicaba a dirección de entrega, e nunha esquina: “Non me falles”.

El ocultou a mercancia no maletero, e ese sobre misterioso na guantera. Acto seguido, partiu.

Despois dunhas horas ao volante, Vigo quedaba moi lonxe e a soidade carcomía a mente daquel condutor. Sempre pensaba o que fixo para ter que estar sendo a mula desos malparidos *co destino obrigoulle a considerarlles “compañeiros de traballo.”*

Despois de 2 horas, despois de pasar por Toledo, decidiu revisar o estado da mercancía, que por suposto, non debía estar a vista. Aparcou nunha gasoliñeira e recargou enerxías comendo o xusto para non desfalecer, ou o que unha carteira sen branca podía adquirir. Logo, no rincón máis afastado das miradas indesexadas, comprobou no maletero, no compartimento da roda de reposto, comprobou no conducto do gasoil e revisou se seguía ese sobre, que o xefe amenazou con arrincarlle os ollos se o abría. Con todo isto, continuou a súa viaxe.

No camiño, acordábase da súa vida ata que tivera ese incidente. El vivía tranquilo, nunca causaba nin se metía en problemas, estudaba e sempre andaba dentro do legal. Pero desde aquel incidente, a súa vida converteuse nun pesadelo. Podería haber seguido recordado e lamentado pero chegou ata un control.

El conducía nas carreteras mais ocultas, pero nalgún momento, tiña que afrontar o perigo. Só había dous policíaas, duns 28 anos máis ou menos, non había ninguén máis. Un deles acercouse a súa ventá e fíxolle as preguntas típicas dun control policial. El, con moita discrección, collía as súa navalla e saín do

vehículo. Un dos policía revisou o maleteiro e quedouse en branco. El, xa viu que ambos policía abrían o botón da funda da súa pistola. El, antes de que os polis reaccionaran, apuñalou ao primer policía na tráquea e cubriuse detrás del para evitar os disparos. O outro policía, vaciou o cargador no seu compañeiro. Intentou recargar pero antes de introducir unha bala no cargador, outra bala procedente do arma do seu compañeiro perforou a súa cabeza.

Despois desta escena, o medo xa había corrompido a humanidade da mula. Comezou a temblar e impulsado polo medo escondeu os cadáveres no coche patrulla. Entrou no seu coche rápido e fuxiu da escena do crime.

Cada acción o comprometía mais, nunca pensou que iba a quitarlle a vida a alguén, esa sensación de incertidumbre e culpa xeaba o seu sangue, agás co aire cálido do Mediterráneo inundara o interior do coche. O peso de cada decisión que tomou na súa vida comezaba a irrumpir nos seus pensamentos e por un momento, recordou.

El tiña 17 anos, ese sábado pola noite convertíuse nun desafío, consistía en seguir en pé e volver a súa casa. Polo camiño, decidiu entrar nunha nave para descansar un pouco. O que nunca esperou foi ver a tres homes partíndolles as pernas a un home. Sin querer, fixo un ruído e eses homes vironlle. Eles creían que era un policía encubierto. Durante un tempo, amenzaronlle con matalo se non cumpría as súas tarefas, supuestamente para “gañarse a confianza do xefe”. Antes de que recordara máis rompeu a chorar, pero xa chegou ao seu destino.

Despois dunha hora conducindo chegou ao destino de entrega, unha nave abandonada, tiña que esperar ata medianoite, recoller o diñeiro, entregar a mercancía e volver. Cando chegou a hora acordada, viñeron uns homes nunha furgoneta, baixaron e con malas formas, pedíronlle a mercancía. El esperaba outra bolsa con diñeiro, pero eles xa lle dixeron que o xefe recibiría o pago. O ambiente era tan tenso que podía cortarse cun coitelo. Uns dos homes, o máis corpulento, preguntoulle por un sobre, el deulle o sobre e nada máis abrílo os homes cuchicheaban e despois duns segundos, sacaron as súas armas e dispararonlle tres veces no peito. A mula, caeu ao chan e viu a eses asasinados marcharse deixando caer o sobre. El acercouse, coas súas últimas forzas que tiña e mirou o contido do sobre. Só había un papel que tiña escrito “Mata a mula, sabe moito”. Ese mensaxe foi o último que viu, e quedou inerte, sen vida.

Fin

